

PROGRAMACIÓN DA MATERIA: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA 2º BACHARELATO**1. CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN****1ª AVALIACIÓN**

UD1. O relevo da Península Ibérica: formación e diversidade xeomorfolóxica

UD2. Climas e vexetacións da Península Ibérica e as illas españolas

UD3. Hidrografía e bioxeografía

UD4. As paisaxes naturais e a interacción entre natureza e sociedade

2ª AVALIACIÓN

UD5. A poboación española

UD6. O espazo rural e as actividades do sector primario

UD7. As fontes de enerxía e o espazo industrial

3ª AVALIACIÓN

UD8. O sector servizos

UD9. O espazo urbano

UD10. Formas de organización territorial. España en Europa e o mundo

2. MATERIAIS

- Libro de texto *Xeografía*, Saber facer, ed. Santillana, 2016
- Aula Virtual, onde o alumnado disporá de toda a información relativa á materia (presentacións dos contidos, tarefas, documentación, recursos virtuais...)
- Caderno individual do alumnado
- Material entregado pola profesora.

3. AVALIACIÓN

A cualificación de cada unha das avaliacións en que se divide o curso será o resultado da suma das seguintes puntuacións:

- 80% das probas escritas (adaptadas ao modelo ABAU)
- 20% das tarefas que a profesora avaliará mediante a supervisión do caderno e das prácticas entregadas. Valorarase o grao de cumprimento das tarefas, a puntualidade na súa presentación, a expresión escrita e a propia presentación (orde e limpeza).

A cualificación total inferior a 5 implica o suspenso na avaliación e a necesidade de realizar unha proba de recuperación ao comezo da seguinte. Nesta recuperación teranse en conta as cualificacións de traballos e actividades.

O uso de medios ilexítimos na realización dos exames implicará a retirada da proba e a súa cualificación cun 0.

A cualificación final da materia será o resultado da media aritmética das notas das tres avaliacións.

4. CONTACTO E COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

A profesora que imparte a materia é Ángela Guillán, o alumnado pode poñerse en contacto con ela a través da Aula Virtual ou o seu correo electrónico angelaguillan@edu.xunta.gal. As familias poden chamar ao centro para concertar unha cita de atención telefónica coa docente, que ten horario de atención a familias os